

A ECONOMÍA GALEGA NO ANO 2012

1

1.1 Contornos internacional e estatal

1.1.1 Contorno internacional

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2012 e situáremolo dentro dun período de tempo máis longo nos contornos estatal e da UE. Neste epígrafe concreto, achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No cuatrienio 2004-2007 a economía mundial rexistrou, no seu conxunto, un elevado crecemento económico (superior ao 4%) pero en 2008 a cousa mudou notablemente, a partir dos problemas no mercado hipotecario de alto risco, que deron lugar a un período de gran volatilidade financeira, notables problemas de liquidez, perda de fiúza nos consumidores, de actividade nas empresas e unha forte destrución de emprego.

No ano 2009 a economía mundial sufriu a perturbación máis fonda desde o fin da Segunda Guerra Mundial, coa maior contracción do PIB desde entón, cunha clara diferenciación: diminución do PIB dun -3'1% nos Estados máis desenvolvidos e suba do 2'3% nas economías emerxentes.

A posta en práctica de medidas keynesianas de estímulo da demanda agregada e a inxección de fondos públicos para estabilizar o sistema financeiro foron “medidas de choque” que permitiron unha mellora en xeral no bienio 2010-2011, pero interrompida en varias ocasións por episodios de inestabilidade, nalgúns casos vencellados coa percepción do “risco soberano”.

A *sacralización* da loita contra o déficit público no seo da UE cortou neste ámbito territorial ese proceso de política fiscal expansiva (perceptible nos Estados Unidos), e as medidas restritivas aplicadas desde entón (suba de impostos e diminución do gasto público) non axudaron á nosa recuperación da actividade económica.

As políticas monetarias dos Bancos Centrais das economías máis desenvolvidas seguen a ser en 2012 moi expansivas, cunhas taxas de interese oficiais que se manteñen en niveis historicamente mínimos.

No ano 2012 a economía mundial no seu conxunto rexistrou un crecemento do PIB dun 3,2%, co que por segundo ano consecutivo desacelérase o crecemento económico (5,2% en 2010 e 4% en 2011).

De novo o grupo de economías emerxentes e en desenvolvemento encabezaron en 2012 o crecemento mundial, con taxas de PIB do 7,8% en China ou o 4% da India. Os estados máis desenvolvidos economicamente seguiron maioritariamente en situación de estancamento, e varios deles (como a UEM no seu conxunto) mesmo entraron en recesión.

No noso contorno máis próximo (a UEM) cómpre subliñar as consecuencias da crise da *débeda soberana*, que supuxo no último bienio unha fortísima suba da prima de risco na taxa de xuro da débeda pública de estados como Grecia, Irlanda e Portugal, primeiro, e en España ou Italia despois. Os seus orzamentos públicos destinan obrigadamente, xa que logo, unha cantidade moi grande ao pago da Débeda, en detrimento doutras partidas coma o gasto social ou o investimento.

En 2012 os dous estados máis importantes economicamente da UE desaceleraron o crecemento: Alemaña pasou dunha suba do 3,1% do PIB en 2011 ao 0,9% en 2012, Francia, dun 1,7% ao 0%. Os dous estados que os seguen entraron en recesión: España (0,4% de suba do PIB en 2011 e 1,4% de diminución en 2012), e Italia (0,4% en 2011 e -2,4% en 2012).

No cadro I.I presentamos os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de desemprego dos EE.UU e a UEM no último sexenio.

Despois dun bienio de lixeiro crecemento económico, a Unión Europea en 2012 entrou de novo nun período de recesión, anque moi lonxe da intensidade da “gran recesión” de 2009.

Estados Unidos, pola contra, acadou por terceiro ano consecutivo unha suba do PIB ao redor do 2%.

■ Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación PIB, IPC e taxa de desemprego.
EE.UU. e UEM. 2007 - 2012

Período	PIB (1)		Prezos de consumo		Taxa de desemprego (2)	
	EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM
2007	1,9	3,0	2,9	2,1	4,6	7,6
2008	-0,3	0,3	3,8	3,3	5,8	7,7
2009	-3,1	-4,4	-0,4	0,3	9,3	9,6
2010	2,4	1,9	1,6	1,6	9,6	10,1
2011	1,8	1,5	3,2	2,7	9,0	10,2
2012	2,2	-0,5	2,1	2,5	8,1	11,4

(1) PIB constante e corrixido de estacionalidade e calendario.

(2) Corrixida de estacionalidade.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

No tocante á variación porcentual do índice de prezos de consumo, baixou en 2012 algo máis dun punto porcentual respecto da inflación de 2011 nos Estados Unidos mentres que só o fixo dúas décimas na UEM; a inflación pasou a ser maior na UEM por primeira vez no último trienio.

A taxa de desemprego, pola súa banda, baixou case un punto porcentual en EE.UU., e subiu 1,2 puntos na UEM. No último quinquenio subiu todos os anos a taxa de paro da UEM; en EEUU houbo no trienio 2008-2010 unha suba continua e máis intensa que na UEM pero diminuíu con forza no último bienio. Como resultado, se en 2007 había un diferencial positivo de tres puntos a prol da UEM, en 2012 é de 3,3 puntos porcentuais a prol de EE.UU.

1.1.2 Contorno estatal

Referirémonos neste epígrafe ao marco estatal no que se desenvolve a nosa actividade socioeconómica, así como ao das distintas comunidades autónomas que a integran, focalizando o crecemento do PIB (global e por habitante).

España, que estivo no período 2001-2008 á cabeza do crecemento económico da OCDE, cunha suba acumulada do PIB do 27,9%, moi por riba das medias da OCDE (18,6%) e da Unión Europea (17%), cambiou radicalmente a variación do PIB en 2009 (-3'7%). No bienio 2010-2011 o seu PIB (e aínda máis o galego) practicamente estabilizouse, mentres na UE subía un 1,8% en 2010 e un 1,5% en 2011.

A taxa de inflación española (2,9%), pola súa banda, quedou en 2012 por baixo das de EE.UU e a UE. No tocante á taxa de desemprego, foi máis do dobre que no promedio da UE e máis do triplo que en EE.UU.


A visión comparativa do crecemento económico en Galicia, España e a Unión Europea desde 2001 témolos no cadro 1.2. Nel compróbase:

Crecemento do PIB ⁽¹⁾ Galicia, España e UE. 2001-2012

Cadro 1.2

	Galicia	España	UE
2001	3,5	3,7	2,0
2002	2,3	2,7	1,2
2003	2,6	3,1	1,3
2004	3,5	3,3	2,4
2005	3,3	3,6	1,7
2006	4,1	4,0	2,9
2007	4,0	3,6	2,9
2008	1,8	1,1	0,9
2009	-3,4	-3,6	-4,2
2010	0,0	-0,1	1,8
2011	-0,1	0,7	1,5
2012	-1,2	-1,4	-0,3

(1) En porcentaxe en termos reais.
Fonte: IGE, INE e Eurostat.



■ A suba do PIB de Galicia superou á da UE todos os anos de 2001 a 2009 (e foi practicamente o dobre catro anos: 2002, 2003, 2005 e 2008). No trienio 2010–2012 as variacións do PIB en Galicia ou España quedaron moi por baixo do crecemento económico da UE.

■ A evolución do PIB de Galicia foi mellor cá do español en seis dos doce anos estudados: 2004 e cada un dos anos do período 2006–2010.

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE, é importante estudar a evolución deste indicador macroeconómico nas diversas nacionalidades e rexións do noso Estado, para situar a Galicia na posición que lle corresponda no decorrer económico autonómico.

Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos será o INE, que fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas na *Contabilidad Regional*. O cadro 1.3 presenta os datos de 2012, dos que sobrancearemos o seguinte:


■ **Cadro 1.3**

**Porcentaxe de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2007-2012**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Andalucía	3,8	0,8	-3,6	-0,9	0,2	-1,7
Aragón	4,5	1,1	-4,4	-0,5	0,3	-1,5
Asturias	3,6	1,2	-3,7	0,8	0,3	-2,5
Baleares	3,8	1,8	-3,8	-0,3	1,8	-0,3
Canarias	3,8	1,3	-4,2	-0,8	2,1	-1,0
Cantabria	3,9	1,3	-3,5	0,2	0,7	-1,3
Castela A Mancha	4,2	0,7	-3,3	-0,9	0,0	-3,0
Castela e León	3,7	0,9	-3,4	0,8	1,3	-1,8
Cataluña	3,7	0,7	-4,1	0,1	0,8	-1,0
C. Valenciana	3,7	0,5	-4,3	-0,6	0,4	-1,5
Estremadura	3,9	1,8	-2,0	0,0	-0,3	-2,2
Galicia	4,0	1,8	-3,0	0,1	0,3	-0,9
Madrid	3,9	1,6	-3,2	0,0	0,9	-1,3
Murcia	3,8	1,5	-3,4	-0,6	0,0	-1,7
Navarra	3,8	1,9	-2,5	1,2	1,5	-1,8
País Vasco	3,9	2,1	-3,5	0,8	1,3	-1,4
Rioxa (A)	4,0	1,5	-3,6	-0,3	0,8	-2,1
Ceuta	3,9	1,8	-1,7	0,0	0,4	-1,1
Melilla	3,7	1,2	-1,4	-0,1	0,2	-1,5
España	3,8	1,2	-3,6	-0,1	0,7	-1,4

(1) En termos reais.

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."



■ O PIB galego baixou nove décimas en 2012, medio punto porcentual menos que a media española.

■ Ampliouse en 2012 a diverxencia coa UE, xa que tanto o crecemento económico galego (-0,9% segundo o IGE e -1,2% na estatística do INE) coma o español (-1,4%)

estiveron moi por riba da diminución no conxunto dos vinte e sete Estados da Unión Europea (-0,3%).

■ Baleares e Galicia tiveron a menor diminución do PIB en 2012 (ano no que non houbo crecemento económico en ningunha comunidade ou cidade autónoma), mentres que os peores rexistros foron os de Castela - A Mancha e Asturias.

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza.

A visión dinámica constata que no sexenio 2007-2012 o valor da actividade produtiva galega tivo un comportamento mellor que o promedio estatal todos os anos, agás en 2011.

O cadro 1.4 mostra cal foi no último quinquenio a porcentaxe do PIB por habitante de Galicia en comparanza co promedio español. Non debe esquecerse á hora de analizar os datos que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega respecto do promedio español inflúe a prol da suba relativa do noso PIB *per capita*; é a chamada *converxencia pasiva*, unha das vías de aproximación no camiño da converxencia de Galicia co PIB por habitante medio do Estado, que no cuadrienio 2006-2010 e máis en 2012 se complementou coa maior suba (ou a menor diminución) do PIB en Galicia que no promedio estatal (*converxencia activa*), como xa vimos no cadro 1.2.

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2012

■ Cadro 1.4

	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	21140	20491	20343	20806	20723
España	23857	22814	23063	23054	22772
% Galicia/España	86,1	89,8	88,2	90,2	91

Taxas de variacións interanuais en %.
Fonte: INE, IPC.

O PIB por habitante de Galicia en 2012 foi de 20.723 euros e o de España de 22.722 euros. No cadro 1.4 comprobamos que:

■ Desde o inicio da crise Galicia foise achegando ao promedio español de PIB por habitante, pasando do 86,1% de 2008 ao 91% de 2012; a aproximación produciuse todos os anos.

■ No que vai do século XXI Galicia achegouse moito aos valores estatal e da UE (12,3 puntos porcentuais e 20 puntos respectivamente).

Unha comparanza semellante para o PIB por habitante no último trienio de España e da UEM con respecto á media da UE vémosla no cadro 1.5. Compróbase que España (máis intensamente) e a Eurozona tiveron un comportamento en PIB *per capita* peor que a UE-27. Así, España está 2,2 puntos porcentuais máis lonxe da con-

verxencia coa UE en 2012 que en 2010, e a UEM reduciu en 1,1 puntos porcentuais a diferenza positiva que tiña en 2010 respecto da UE.

Converxencia en PIB por habitante. España e a Unión Económica e Monetaria respecto da Unión Europea. 2010-2012

■ Cadro 1.5

	2010	2011	2012
España	93,6	93,4	91,4
UEM	104,5	104,3	103,5

Base PIB por habitante de cada ano da UE-27 = 100. Datos en PPA.
Fonte: INE, Eurostat.

1.2 Crecemento económico galego

Neste epígrafe afondaremos no estudo do PIB de Galicia no último quinquenio mediante a análise desde as perspectivas da demanda e máis da oferta, con desagregación das súas compoñentes.

1.2.1 A perspectiva da demanda

A análise desde a *perspectiva de demanda* da variación dos compoñentes do PIB de Galicia no último sexenio facémola cos datos proporcionados polo IGE nas “Contas Económicas Trimestrais” (que recolleemos no cadro 1.6). Reflicte que a diminución do PIB galego en 2012 (-1,2%) foi a maior desde a “gran recesión” de 2009; supuxo baixar 1,1 puntos máis que en 2011.

■ Cadro 1.6

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2007-2012

Período	PIB	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
		Total	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2007	4,0	2,9	2,5	4,2	5,0	3,5	5,9	4,6
2008	1,7	1,3	0,1	5,1	-5,8	-0,8	-5,7	-8,3
2009	-3,4	-0,4	-1,7	3,4	-22,8	-6,2	-8,3	-12,1
2010	0,0	-1,1	-1,5	0,2	-6,2	-2,4	5,2	-0,2
2011	-0,1	-1,0	-1,0	-1,1	-4,2	-1,7	4,5	1,1
2012	-1,2	-2,4	-2,2	-3,2	-5,0	-3,0	-5,0	-8,0

Datos en porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (cos datos do IGE: *Contabilidade trimestral*).

A análise desagregada dos diversos compoñentes do PIB desde o punto de vista do gasto constata:

■ A achega negativa, por quinto ano consecutivo, da *demanda interna* ao comportamento do PIB galego en 2012, desta volta cunha diminución do 3% (1,3 puntos porcentuais máis que no ano anterior).

■ Como xa ocorreu no cuadrenio 2008-2011, tivo especial intensidade a caída da formación bruta de capital (-5% en 2012).

■ Foi moito maior en 2012 que no ano anterior a diminución da demanda dos fogares (-2,2%), moi castigados pola diminución da renda debido á destrución do emprego e máis pola diminucións salariais (a moitas persoas que traballan en empresas privadas e a todo o persoal do sector público, que quedou sen a paga extraordinaria de Nadal).

■ Diminuíu en 2012 nun 3,2% o gasto en consumo final das Administracións públicas, o que supón triplicar a caída do ano anterior: -1,1%.

■ A *demanda exterior neta*, pola súa banda, tivo en 2012 un comportamento que conseguiu transformar en diminución do PIB do 1,7% unha evolución económica que, de acordo co comportamento da demanda interna, experimentaría nese ano unha diminución moito maior. As exportacións de bens e servizos baixaron en 2012 menos que as importacións; no epígrafe 1.4 afondaremos no comercio exterior de Galicia.

Para as persoas que desexen unha análise máis polo miúdo dos compoñentes da demanda do PIB en Galicia en 2012 cunha desagregación trimestral, presentamos o cadro 1.7.

■ Cadro 1.7

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2012

Trimestre	PIB	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
		Total	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
1T	-1,0	-1,9	-1,4	-3,4	-5,9	-2,8	-9,5	-12,0
2T	-1,1	-2,4	-2,0	-3,5	-5,6	-3,1	-6,6	-9,6
3T	-0,9	-2,3	-2,3	-2,4	-3,8	-2,6	1,9	-1,7
4T	-1,7	-3,0	-2,9	-3,5	-4,7	-3,4	-5,6	-8,3

Datos en porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (cos datos do IGE: *Contabilidade trimestral*).

1.2.2 A perspectiva da oferta

No tocante á evolución desde a *perspectiva da oferta* do PIB de Galicia no último sexenio, ao fío do cadro 1.8 sobrancearemos que a actividade económica galega en 2012 reflicte que a diminución da xeración de valor engadido deuse en todos os sectores e tivo a caída máis fonda na construción (-4,1%).

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2009-2012

■ Cadro 1.8

Período	PIB	Sector primario					Servizos
		Sector primario	Sectores non primarios	Prod. Industriais	Construcción		
2009	-3,4	-4,4	-3,3	-10,6	-4,9		-0,9
2010	0,0	3,2	0,1	-1,3	-8,5		2,2
2011	-0,1	2,3	-0,1	-3,8	-3,3		1,2
2012	-0,2	0,0	-0,1	-1,3	-4,1		-0,9

Taxa de variación interanual en % do valor engadido bruto, por ramas de actividade.
Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

Para as persoas que desexen unha análise máis polo miúdo dos compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2012, ofrecemos a desagregación trimestral do cadro 1.9.

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2007-2011-2012. Por trimestres

■ Cadro 1.9

Período	PIB	Sector primario					Servizos
		Sector primario	Sectores non primarios	Prod. Industriais	Construcción		
1T	0,5	3,7	0,4	-1,6	-4,6		2,1
2T	-0,1	2,1	-0,3	-2,9	-3,0		1,1
3T	-0,7	1,0	-1,1	-8,2	-2,6		1,3
4T	-0,2	2,5	-0,5	-2,4	-2,8		0,3

Taxa de variación interanual en % do valor engadido bruto, por ramas de actividade.
Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

1.3 Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable.

Achegarémonos á medida en que o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia, anque o faremos desde unha perspectiva moi xeral, porque afondaremos no seu estudo no capítulo 4 deste Informe. Tamén faremos unha referencia á produtividade do traballo e a súa gran importancia para mellorar a competitividade dunha economía.

1.3.1 A xeración de emprego en Galicia

No sinalado capítulo 4 analizaremos a poboación ocupada en Galicia, tanto globalmente como desagregada por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc. Remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nalgún deses aspectos do emprego na nosa comunidade.

O cadro 1.10 permítenos avaliar a xeración de emprego en Galicia (en postos de traballo equivalentes a tempo completo) no último sexenio, así como outras variables recollidas neste balance do mercado de traballo galego: poboación activa, asalariada e desempregada; taxas de actividade, emprego e desemprego.

Salientaremos que:

■ Cadro 1.10

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2007-2012

Período	Poboación activa	Poboación ocupada	Pob. Asalariada	Pob. desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
2007	1.292,0	1.193,4	922,0	98,7	54,3	50,1	7,6
2008	1.314,6	1.200,1	923,0	114,7	55,1	50,3	8,7
2009	1.317,4	1.151,5	898,8	165,9	55,2	48,3	12,6
2010	1.300,9	1.100,7	863,2	200,3	54,6	46,2	15,4
2011	1.311,2	1.083,0	847,9	228,3	55,2	45,6	17,4
2012	1.310,2	1.039,5	803,4	270,7	55,4	43,9	20,7

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (con datos do INE: EPA).

■ A poboación activa está practicamente estancada en Galicia no último cuadrienio. Tras lixeiras baixadas ou subidas anuais, a poboación activa galega é practicamente a mesma en 2012 (1.312.100 persoas) que en 2008 (1.314.600).

■ No tocante á ocupación, obsérvase con claridade que en 2009 foi cando deu a reviravolta a xeración neta de emprego en Galicia, cunha fortísima destrución neta de emprego que contrastou coa suba dos anos anteriores. No trienio 2010-2012 continuou ese proceso de diminución dos postos de traballo na economía galega (con especial intensidade en 2012). No último cuadrienio a destrución acumulada de emprego neto en Galicia foi de 160.600, un 13.4% dos postos de traballo existentes en 2008.

■ No sexenio analizado, a poboación asalariada acadou o valor máis alto en 2008 (ao igual que a poboación ocupada). Desde entón perdéronse 119.600 empregos por conta allea; porcentualmente a diminución (13%) foi moi semellante á vista no anterior parágrafo para a poboación ocupada en Galicia.

■ A poboación desempregada galega, que en 2007 bordeaba as 100.000 persoas, (98.700) pasou a ser de 270.700 en 2012, tralo continuo e intenso incremento no último quinquenio.

■ A taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos está practicamente estancada en Galicia no último cuadrienio. Tras lixeiras baixadas ou subidas anuais, esta taxa é practicamente a mesma en 2012 (55,4%) que en 2008 (55,1%).

■ A taxa de ocupación da poboación de 16 ou máis anos sufriu unha diminución importante e continuada en Galicia no último cuadrienio; baixou 6.4 puntos de 2008 a 2012.

■ A taxa de desemprego galega case se triplicou no último quinquenio. Era en 2007 un 7'6% e pasou a ser 2012 un 20,7%, tralo continuo e notable o incremento, especialmente intenso en 2009 e 2012.

1.3.2 Produtividade do traballo e competitividade

A *produtividade* é o cociente entre o valor da produción e dos recursos utilizados para obtela; xa que logo, mide o valor da produción xerada por cada unidade de factor produtivo. A produtividade é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras de Paul Krugman: “A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo”.

A mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para conseguir unha maior competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado; a maior formación bruta de capital, o investimento en capital humano, en I+D+i, a aplicación de boas técnicas de organización empresarial ou a obtención de recursos financeiros con baixo custo son, entre outros factores, sólidos piares nos que asentar unhas empresas de maior produtividade.

Centrémonos no último dos factores. A fragmentación do mercado financeiro da Unión Europea está a abrir unha gran brecha nos custos financeiros das empresas (especialmente das pemes) nos Estados máis afectados pola crise (entre eles o español). Como media, as pemes españolas están a pagar os cretos de menos dun millón de euros un 35% máis caro que a media da Eurozona (e un 77% máis que as pemes de Alemaña).

Esta fragmentación do mercado financeiro da UE supón romper coa cadea de transmisión da política monetaria, de xeito que o abaratamento dos tipos de xuro dos préstamos do BCE non teñen o efecto previsto nos Estados máis “tocados” pola crise económica. Dado que a banca destina boa parte dese diñeiro que obtén a baixo custo a outros fins (como a compra de débeda ou reforzamento dos seus recursos propios) queda estrangulado o mecanismo de créditos ás empresas e, como no exemplo de España visto no anterior parágrafo, o pouco que circula faíno a uns custos financeiros altísimos.

Sabedores de que a análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe, sobrancearemos que

noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* analizamos o investimento na formación bruta de capital (capítulo 1), en I+D+i (capítulo 2), en formación das persoas (capítulo 10) e outros condicionantes da produtividade do traballo, como a alta porcentaxe da contratación temporal, que vai en contra da ganancia de produtividade que se pode acadar cando alguén se especializa nun traballo, e ademais non motiva dabondo na consecución dos obxectivos empresariais ás persoas que traballan sometidas a unha rotación laboral excesiva.

O forte impacto da crise económica no quinquenio 2008-2012 ocasionou que a intensa destrución de emprego fixera unha importante achega indirecta á suba da produtividade (en termos estatísticos), pero ben sabemos que esa vía non é a que necesita un país que queira avanzar no seu desenvolvemento económico-social senón a de subir a taxa de ocupación e máis a produtividade do traballo.

A *produtividade aparente do traballo*, medida como o cociente entre o PIB e a poboación ocupada que o xerou, medrou en Galicia termos reais en 2012 un 3,5% segundo o INE; a súa explicación está en que foi maior a caída do denominador (ocupación: 4,2%) ca do numerador (PIB: 0,9%).

Esta suba da produtividade aparente do traballo en 2012 en Galicia foi maior que no promedio español (2,9%), xa que nel a diminución do emprego (denominador) foi semellante ao galego mentres que o PIB (numerador) comportouse peor que o de Galicia.

Os datos do INE cuantifican que a intensa destrución de emprego en Galicia (e España) no último cuadrienio foi a causa da continua suba da produtividade neste período. En 2012 a produtividade galega foi un 93,2% do promedio estatal; se a comparamos cos datos de hai un bienio e un cuadrienio vemos que esta porcentaxe é maior que a de 2008 (89,4%) ou a de 2010 (91,7%).

A produtividade aparente do traballo en Galicia en 2012 é de 54.240 euros por persoa ocupada (un 10,8% menos que a media estatal). Por sectores produtivos, sobrancea a construción (70.500 euros), seguida da industria (61.100 euros) e os servizos (53.200 euros por persoa que traballa neste sector). A produtividade aparente máis baixa en Galicia no ano 2012 é a do traballo no sector primario (33.100 euros).

Os informes que ven elaborando desde hai anos o *Foro Económico Mundial* teñen posto de manifesto o mal posto que ocupa a economía española na clasificación mundial por *competitividade*: sitúanos no posto 36 (de 144 Estados), entre Estonia e Bahreín. Na elaboración destes estudos avalíanse múltiples factores, como o déficit público, a dificultade no acceso ao creto, o nivel educativo da poboación, a regulación dos mercados interiores, o nivel das infraestruturas, a capacidade de innovación empresarial, a eficiencia no funcionamento da burocracia ou as prácticas de corrupción.

Un dos puntos fortes da economía española que sobrancea este informe é o nivel das infraestruturas, que sitúa ao noso Estado na décima posición, ben lonxe do posto 36 antes sinalado na globalidade das variables analizadas.

Outra fortaleza é a alta taxa de persoas matriculadas en estudos universitarios, que potencialmente é unha panca fundamental na que apoiar un novo modelo produtivo, máis eficiente que o baseado na construción e o turismo como piares básico do tecido produtivo. As persoas con bo nivel de cualificación permite darlle pulo a actividades empresariais que xeren un maior valor engadido, pero a realidade actual ven reflectindo que pola falla de saídas laborais, boa parte teñen que emigrar a outros Estados para non engrosar máis as listas do desemprego.

1.4 Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do territorio do noso Estado. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tanto a todas as transaccións con orixe ou destino en Galicia como tan só a unha parte dese total: ás transaccións con orixe ou destino fóra de España; achegarémonos ás dúas nas seguintes páxinas.

I.4.1 Comercio galego co estranxeiro

O comercio galego co estranxeiro tivo en 2012 (ao igual que ocorreu no total español) unha achega positiva á xeración do PIB, como consecuencia da maior diminución das importacións que das exportacións.

I.4.1.1 Exportacións, importacións e saldo comercial. Taxa de cobertura

A análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española no último quinquenio podemos facela ao fío do cadro 1.11; nel podemos apreciar a evolución das exportacións e das importacións galegas no último quinquenio. Sobrancearemos:

■ Cadro 1.11

Evolución do comercio exterior en Galicia. 2008-2012

		2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	Exportacións	15.739,7	13.957,3	14.911,9	17.146,3	16.496,2
	Importacións	15.496,2	13.164,2	13.699,7	14.332,3	14.822,0
% Galicia-España	Exportacións	8,3	8,7	8,0	8,0	7,4
	Importacións	5,5	6,4	5,7	5,4	5,8

En euros correntes. Datos de 2012 provisionais.

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, DataComex.

■ A diminución do valor das exportacións galegas en 2012 (3,8%), en contraste coa suba do bienio anterior. Así e todo, os 16.496 millóns de euros que supuxeron as nosas exportacións en 2012 tiveron posto no *podium* histórico de Galicia, en termos absolutos, tralas cifras dos anos 2007 e 2011.

■ A análise dinámica reflicte que a principal caída no último cuadrienio do valor das exportacións de Galicia foi o de 2009 (ano da *gran recesión*) e a maior suba, a de 2011.

■ A participación relativa de Galicia no importe total estatal das exportacións en 2012 foi dun 7,4%, por riba do noso peso demográfico ou en PIB. Baixou seis décimas no último ano e queda coa porcentaxe máis baixa do quinquenio estudado.

■ O crecemento do valor das importacións galegas en 2012 (3,4%), 1,2 puntos porcentuais menos que no ano anterior. Os 14.822 millóns de euros que supuxeron as nosas importacións en 2012, en termos absolutos, supón o segundo posto no quinquenio analizado (trala cifra de 2008).

■ A análise dinámica reflicte que trala fonda caída do valor das exportacións de Galicia en 2009 (ano da *gran recesión*), a suba foi continua no trienio 2010-2012.

■ O peso relativo de Galicia no importe total estatal das importacións en 2012 foi dun 5,8%, á par do noso peso demográfico ou en PIB. Subiu catro décimas no último ano e queda coa porcentaxe máis alta do último trienio.

Seguindo a tendencia ininterrompida desde 2007, o saldo da balanza comercial galega co estranxeiro (diferenza entre o valor das exportacións e o das importacións) foi positiva, desta volta en 1.674 millóns de euros.

Consecuentemente, a taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións) quedou por riba do valor 100 (113% en 2012) como ocorreu todos os anos no último sexenio.

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do *comercio intraindustrial* reflíctese cun dato: os seis primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas son tamén os seis primeiros das nosas importacións.

No cadro 1.12 recolleemos os grupos arancelarios cuxo importe en 2012 supere o limiar dos 1.000 millóns de euros nas exportacións ou nas importacións. Sobrancearemos que:

■ Ningún dos outros grupos arancelarios reborda o limiar citado só nas exportacións ou só nas importacións. Nos seis (do total de 22) grupos arancelarios que superan os 1.000 millóns en exportacións, tamén o fan nas importacións. Velaí un bo indicador dun trazo característico do comercio galego co estranxeiro: o alto comercio intraindustrial, ou sexa, que se exportan e importan produtos dun mesmo capítulo arancelario; este tipo de comercio exterior supón en 2012 ao redor dun 61% do comercio total co estranxeiro (tres puntos porcentuais máis que en 2011).

■ A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase especialmente en tres grupos arancelarios, que ordenados de maior a menor importancia son: *Material de transporte - Materias téxtiles e confección - Animais, peixes e moluscos, leite e ovos*. Entre os tres concentran en 2012 máis da metade (un 55,2%) do valor das vendas de Galicia ao estranxeiro; esta especialización das nosas exportacións internacionais, concentrando máis da metade en tres grupos arancelarios, conleva un risco: unha maior vulnerabilidade que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas.

■ Cadro 1.12

Comercio internacional de Galicia, Principales grupos arancelarios. 2012

	Importacións			Exportacións		
	Millóns de euros	% sobre total imp.	% variación anual	Millóns de euros	% sobre total exp.	% variación anual
Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	1.521,9	10,3	3,7	1.497,6	9,1	-3,3
Minerais e combustibles minerais	4.550,6	30,7	10,2	1.061,4	6,4	25,8
Materias téxtiles e confección	1.798,4	12,1	8,3	3.462,0	21,0	15,8
Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.330,4	9,0	-6,8	1.243,1	7,5	9,0
Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.058,9	7,1	0,0	1.181,5	7,2	3,4
Material de transporte	1.859,5	12,5	7,4	4.144,0	25,1	-29,4

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, DataComex.

■ No tocante ás importacións, dos seis grupos arancelarios que aquí analizamos, o máis importante cuantitativamente en 2012 é o de *Minerais e combustibles minerais* (30,7% do valor total das importacións galegas), cun notable incremento das súas compras no estranxeiro en 2012 (un 10,2%). Neste ano foi máis do dobre do segundo grupo arancelario e o triplo do terceiro.

■ Séguelle o grupo arancelario: *Material de transporte* (12,5%), seguido a pouca diferenza de *Materias téxtiles e confección* (12,1% do total galego); entre os tres concentran algo máis da metade (un 55,3%) do valor das importacións galegas ao estranxeiro.

■ As importacións galegas do grupo *Material de transporte* deixaron de encabezar esta clasificación en 2010; en 2012 seguen a ocupar a segunda posición e a maior parte delas corresponden a compoñentes para automóbiles (necesarios para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën, nun bo exemplo de *comercio intrafirma*) e á construción naval.

■ Na análise das principais mercancías importadas por Galicia en 2012 hai unha clara estabilidade: os cinco primeiros grupos do arancel con maior valor das importacións son os mesmos que no ano anterior (e os dous que encabezan a clasificación repiten cada un no seu posto).

1.4.1.2 Exportacións por provincias e por destino

A desagregación provincial das exportacións de Galicia ao estranxeiro en 2012 quedan recollidas no cadro 1.13. Subliñaremos que:

■ A provincia de A Coruña pasou ao primeiro posto, desbancando á de Pontevedra (o auténtico motor de explosión das exportacións galegas durante moitos anos); o valor das vendas ao estranxeiro en 2012 destas dúas provincias (14.786,3 millóns de euros) multiplica por 8,6 a suma do valor das exportacións de Lugo e Ourense.

Exportacións galegas. Por provincias. 2012

■ Cadro 1.13

	Millóns de euros	% ⁽¹⁾
A Coruña	7.909	47,9
Lugo	899	5,4
Ourense	711	4,3
Pontevedra	6.977	42,3
Total	16.496	100,0

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.
Fonte: IGE.

No tocante ao destino das nosas vendas ao estranxeiro, a Unión Europea segue a ser o receptor principal: os cinco Estados que figuran no cadro 1.14 (todos integrantes da UE) son os mesmos en 2012 que no ano anterior, e pola mesma orde.

Principais destinos das exportacións galegas. 2012

■ Cadro 1.14

	Millóns de euros	% ⁽¹⁾
1 Francia	3.916	23,7
2 Portugal	2.161	13,1
3 Italia	1.267	7,0
4 Alemaña	791	4,8
5 Gran Bretaña	727	4,4

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.
Fonte: IGE.

Francia e Portugal seguen a formar o “núcleo duro” das exportacións galegas ao estranxeiro (cun 36,8%) anque cunha importancia relativa menor que en anos anteriores; en 2012 baixou un 24% o valor das vendas a Francia e un 13% as destinadas a Portugal.

1.4.1.3 Importacións por provincias e por procedencia

A desagregación provincial das importacións de Galicia desde o estranxeiro en 2012 quedan recollidas no cadro 1.15.

Importacións galegas. Por provincias. 2012

■ Cadro 1.15

	Millóns de euros	% ⁽¹⁾
A Coruña	8.331	56,2
Lugo	1.032	7,0
Ourense	439	3,0
Pontevedra	5.018	33,8
Total	14.822	100,0

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.
Fonte: IGE.

A provincia de A Coruña volveu a ocupar en 2012 o primeiro posto e subiu 2,1 puntos porcentuais a súa participación relativa no valor total das importacións galegas do estranxeiro. Séguelle a provincia de Pontevedra, que baixou dous puntos porcentuais en 2012. O valor das compras ao estranxeiro destas dúas provincias (13.350 millóns de euros) multiplican por 9 a suma do valor das importacións de Lugo e Ourense.

No tocante á procedencia das nosas compras ao estranxeiro, a Unión Europea e varios Estados aos que importamos cru petrolífero ou gas natural encabezan a clasificación. Lóxico, se lembramos que o principal grupo arancelario nas nosas importacións do estranxeiro foi en 2012 o de *Minerais e combustibles minerais* cun 30,7% do total.

Principais Estados de procedencia das importacións galegas. 2012

■ Cadro 1.16

	Millóns de euros	% ⁽¹⁾
1 Francia	2.182	14,7
2 Portugal	1.667	11,2
3 México	929	6,3
4 Libia	726	4,9
5 Alemaña	677	4,6

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

Fonte: IGE.

Os tres primeiros Estados que figuran no cadro 1.16 (Francia, Portugal e México) son os mesmos en 2012 que no ano anterior; pola mesma orde e cun peso relativo moi semellante (a maior diferenza é de Portugal, con 1,4 puntos porcentuais menos que en 2011); concentran case un terzo do valor das importacións galegas do estranxeiro (un 32,2%)

Fóra da Unión Europea, salientaremos as importacións galegas procedentes de China (sexta posición), Rusia (novena), Alxeria (décima); séguenlle Marrocos e Estados Unidos.

1.4.2 Comercio galego coas outras comunidades autónomas

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades; para evitar confusións, referirémonos a estas transaccións como comercio exterior total. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou, indirectamente, pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar todas as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou só as que fai Galicia fóra de España implica unha importante modificación no valor dos indicadores cos que se avalían estas relacións comerciais (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o superávit de Galicia nas súas relacións co estranxeiro contrasta co forte déficit que temos nas compravendas con outras comunidades autónomas.

O principal destino das compravendas de Galicia fóra dela en 2012 foi o resto do Estado español: un 60,5% do importe total das nosas importacións e un 44% do valor das nosas exportacións.

As comunidades autónomas que adoitan presentar un saldo positivo no comercio intraestatal en porcentaxe do seu PIB son: Navarra, Baleares, Madrid, País Vasco, Cataluña e A Ríoxa. Entre as comunidades que presentan un saldo negativo, Galicia é a terceira en valor absoluto e a cuarta en porcentaxe do PIB. Hai unha correlación directa positiva entre o saldo do comercio intraestatal dunha comunidade autónoma e a súa riqueza relativa (medida co PIB per capita).

En 2012, un 43,6% do importe das vendas de Galicia foron para outras comunidades autónomas e un 52,7% das compras fóra de Galicia proceden do resto do Estado español. No comercio intraestatal, a nosa comunidade quedou en 2012 cun déficit de 3.822 millóns de euros, cantidade maior en valor absoluto que o superávit de Galicia no comercio co estranxeiro (1.674 millóns de euros). O comercio exterior total de Galicia pechou 2012, por tanto, cun déficit de 2.148 millóns de euros.

Cómpre non esquecer estas *balanzas comerciais totais autonómicas* á hora de avaliar axeitadamente os mecanismos de financiamento das comunidades autónomas, pois as *balanzas fiscais* deficitarias son unha contrapartida solidaria que adoita existir nos *Estados do benestar* (e en áreas supranacionais coma a UE) para compensar, cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas, que axudan a financiar (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

Esta estatística das transaccións comerciais interestatais reflicte a falla de competitividade da economía galega dentro do tecido. Para acurtar en anos vindeiros o longo camiño que nos queda para chegar cando menos ao equilibrio comercial coas outras comunidades autónomas, cómpre un grande esforzo para a mellora da produtividade da economía galega, que é tanto como dicir que debe dársele pulo a variados factores dos que a produtividade depende, como no investimento en educación, en investigación, desenvolvemento e innovación, en modernización da estrutura organizativa empresarial e noutros aspectos xa tratados en distintos capítulos deste *Informe Sociolaboral*.

1.5 Evolución dos prezos e dos salarios

1.5.1 A inflación


O cadro 1.17 explicita que a taxa de inflación de 2012 en Galicia (2,6%) quedou unha décima por riba da do ano anterior e tamén do promedio estatal. As subas dos prezos en Galicia e España no último ano estiveron moi lixeiramente por riba da suba media dos prezos de consumo na UEM (2,5%) e algo máis da de EE.UU (2,1%).

■ Cadro 1.17

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2012

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9

(1) De decembro a decembro.
Fonte: INE, IPC.



A desagregación por provincias recollida no cadro 1.18 amosa que A Coruña (2,7%) rexistrou a maior suba dos prezos en 2012, mentres que Lugo e Pontevedra tiveron o menor crecemento do IPC: 2,4%.

■ Cadro 1.18

Porcentaxe de variación do IPC(*). Por provincias. 2007-2012

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	4,0	1,5	1,2	3,1	2,7	2,4
Lugo	4,0	1,1	0,7	3,0	2,4	3,0
Ourense	4,0	1,2	0,5	3,1	2,5	2,9
Pontevedra	4,2	0,9	0,9	3,1	2,4	2,6

(1) De decembro a decembro.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente (a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en 2012 en Galicia no 1,6%, dúas décimas menos que en 2011 e cinco décimas por baixo da media estatal, como reflicte o cadro 1.19.

Inflación subxacente. Galicia e España. 2007-2012

■ Cadro 1.19

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	3,3	2,4	0,2	1,4	1,8	1,6
España	3,3	2,4	0,3	1,5	1,5	2,1

Taxas de variacións interanuais en %.
Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.20 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación desde o ano 2006 en Galicia. Obsérvase nel que:

■ Cadro 1.20

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2006-2012

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	3,1	5,8	2,4	-2,0	0,5	2,5	2,5
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	1,5	6,4	3,8	11,3	13,9	2,7	5,8
3. Vestido e calzado	1,0	1,4	0,6	-0,9	0,5	3,7	0,3
4. Vivenda	4,7	5,5	4,9	0,8	7,3	0,3	6,4
5. Enxoval	3,1	2,4	3,1	1,0	0,7	7,0	1,2
6. Medicina	1,9	-2,1	0,1	-0,7	-0,1	1,6	11,1
7. Transporte	1,7	7,1	-5,6	4,1	9,1	-2,3	2,1
8. Comunicacións	-1,7	0,8	-0,3	-0,3	-0,7	4,6	4,6
9. Ocio e cultura	0,1	-0,9	-0,4	-0,6	-0,9	-1,6	0,7
10. Ensino	4,2	3,8	4,5	2,6	2,1	0,6	4,0
11. Hoteis, cafés e restaurantes	4,7	5,0	4,7	1,8	2,1	3,2	3,2
12. Outros	3,1	2,5	3,4	1,9	2,5	1,6	3,6
VARIACIÓN XERAL DO IPC	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,0	2,6

Taxas de variación interanuais en %.
Fonte: INE.

■ En 2012 a única diminución dos prezos que houbo foi a do grupo de comunicacións.

■ Pola súa banda, o grupo máis inflacionista en 2012 (dos once grupos nos que se produciu suba de prezos) foi o de medicina, seguido polo de aluguer de vivenda.

I.5.2 Os custos laborais

I.5.2.1 Segundo a Enquisa Trimestral de Custo Laboral

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística do INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos Estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro I.21 recolle as xornadas de traballo e os custos laborais e os salariais (por traballador/a e mes e por hora efectiva) en Galicia no último quinquenio. Compróbase que:

■ Cadro 1.21

Custos e xornadas laborais. Galicia. 2008 - 2012

Período	Coste laboral por traballador e mes		Coste laboral por hora efectiva		Coste salarial por traballador e mes		Coste salarial por hora efectiva		Xornada laboral (horas mensuais pactadas)		
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Total traballadores	Tempo completo	Tempo parcial
2008	2.124,3	3,6	15,6	4,1	1.561,0	3,8	11,5	4,2	156,4	169,5	83,4
2009	2.199,7	3,5	16,4	4,9	1.615,0	3,5	12,1	4,8	156,0	169,4	83,4
2010	2.251,3	2,3	16,8	2,4	1.663,2	3,0	12,4	3,0	155,7	169,5	84,7
2011	2.265,3	0,6	17,1	1,6	1.669,7	0,4	12,6	1,4	154,5	169,8	84,7
2012	2.206,3	-2,6	16,8	-1,9	1.618,1	-3,1	12,3	-2,3	153,3	169,6	85,3

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega.

■ En Galicia diminuíron en 2012 as catro variables analizadas: *custo laboral por traballador/a e mes* (-2,6%), *custo salarial por traballador/a e mes* (-3,1%), *custo laboral por hora efectiva de traballo* (-1,9%) e *custo salarial por hora efectiva de traballo* (-2,3%). En ningún outro ano se producira unha caída en algunha desas variables.

■ En 2012 o *custo laboral por traballador e mes* quedou en Galicia en 2.206,2 euros (tras a caída dun 2,6% no último ano).

I.5.2.2 Segundo a Enquisa Anual de Custo Laboral

A partir dun cuestionario anexo ao da *Enquisa Laboral de Custo Laboral* que se inclúe no segundo trimestre do ano seguinte ao de referencia dos datos, o INE recolle os datos que lle permiten integrar nas estatísticas de custos laborais unha serie de compoñentes do custo que teñen vencemento superior ao mes, como os gastos de formación ou prestacións sociais directas que fan as empresas. Non inclúe ás persoas asalariadas da agricultura, gandería ou pesca nin ás persoas que están empregadas no fogar.

No ano 2012 Galicia foi a comunidade autónoma na que máis se reduciron os custos laborais netos (-3,3%) cuaduplicando a diminución media estatal (0,7%). Como reflicte o cadro 1.22, onde máis subiu o custo laboral neto foi, por esta orde, en Castela - A Mancha, Madrid e País Vasco; seguíronlle a Galicia na porcentaxe de baixada Andalucía e Cantabria.


Cadro 1.22

Custo laboral neto. Por CC.AA. 2012

	Custo neto	% variación	Salarios	% variación	Custos non salariais	% variación
Andalucía	27.824,0	-3,0	20.403,8	-2,1	7.420,2	-5,4
Aragón	29.149,0	-1,0	21.445,6	-0,6	7.703,4	-2,1
Asturias	29.984,4	-1,1	22.042,7	-2,2	7.941,7	2,0
Baleares	28.406,7	-2,3	20.928,0	-1,5	7.478,7	-4,3
Canarias	25.418,8	-1,6	18.652,8	-1,2	6.766,0	-2,8
Cantabria	27.655,6	-2,7	20.276,8	-3,0	7.384,9	-1,9
Castela A Mancha	28.087,0	1,0	20.474,8	-0,3	7.612,2	4,7
Castela e León	28.261,8	-0,8	20.509,5	-1,9	7.752,3	2,3
Cataluña	32.902,9	-0,3	24.430,8	-0,2	8.472,1	-0,8
C. Valenciana	27.662,4	-0,6	20.371,5	-0,2	7.290,9	-1,6
Extremadura	25.685,0	-1,8	19.084,2	-2,0	6.600,9	-1,2
Galicia	26.506,6	-3,3	19.431,9	-3,1	7.074,7	-3,7
Madrid	35.891,2	1,0	26.658,1	0,8	9.233,1	1,6
Murcia	27.585,6	-2,4	20.320,5	-1,5	7.265,1	-4,8
Navarra	31.908,4	-1,5	23.372,8	-2,7	8.535,6	1,9
País Vasco	35.901,6	0,3	26.726,1	0,6	9.175,6	-0,7
Rioxa (A)	28.326,6	-1,3	20.875,1	-2,4	7.451,5	1,6
España	30.667,4	-0,7	22.635,6	-0,6	8.031,9	-1,0

Custos e salarios en euros.

Fuente: INE. "Encuesta Anual de Coste Laboral 2012".



O *custo laboral neto* resulta de deducirle ao *custo laboral bruto* as deducións fiscais e máis calquera xeito de subvención de organismos laborais (como as das cotizacións á Seguridade Social, á contratación ou á formación profesional). Recolle, polo tanto, o custo laboral real para un empregador da utilización do factor traballo, e inclúe os salarios, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social por parte do empregador; as achegas pagadas polas empresas para mellorar as prestacións da S.S. ou para cubrir as non contempladas nel (moitas veces acordadas nun convenio colectivo) e outros custos (como indemnizacións por despedimento, gastos en formación profesional, indemnizacións por fin de contrato, gastos de viaxe e dietas, etc).

Ademais da variación en 2012 do custo laboral neto analizada en parágrafos anteriores, podemos facer unha “foto fixa” nese ano dos custos laborais netos en cada unha das comunidades autónomas (e no total estatal). Sobrancearemos que:

■ O custo laboral neto dunha persoa que traballe por conta allea en Galicia foi en 2012 de 26.507 euros ao ano, o que representa un 86,4% do promedio estatal.

■ As comunidades con custos laborais netos maiores son, por esta orde, País Vasco, Madrid e Cataluña.

■ Canarias, Extremadura e Galicia pechan esta clasificación. En 2012 tanto Canarias como Extremadura tiveron diminucións que quedaron na metade da porcentaxe de caída en Galicia.

■ O custo laboral neto dunha persoa que traballe na comunidade que encabeza a clasificación (País Vasco) supera nun 35,4% á que o faga en Galicia.

A “foto fixa” en 2012 dos salarios por ano en cada unha das comunidades autónomas (e no total estatal) reflicte que Galicia ocupa (con 19.431,9 euros anuais) a antepenúltima posición (só en Canarias e Extremadura é menor o salario). A variación máis negativa en 2012 foi a de Galicia (-3,1%) seguida de Cantabria.

Se focalizamos en 2012 os custos non salariais, Galicia ocupa (con 7.074,7 euros anuais) a antepenúltima posición (só en Extremadura e Canarias están por baixo). A variación máis negativa en 2012 foi a de Andalucía (-5,4%) seguida de Murcia.

O salario mínimo interprofesional tivo en 2011 a menor suba do período 2006 – 2011: un 1,28%, a cuarta parte do crecemento medio do SMI no cuatrienio 2006-2009. En 2012 quedou “conxelado” no importe do ano anterior.

A contía actual do SMI en España é ao redor da metade do establecido en Estados socios da Eurozona como Francia, Bélxica, Irlanda ou Holanda (e un 40% do de Luxemburgo).

O ínfimo incremento do SMI no trienio 2010-2012 que se pode ver no cadro 1.23 (moito menor que o da inflación) explicita que os custos da crise están a ser pagados, en parte, polas persoas que perciben uns ingresos salariais menores, que ademais deberon apegar tamén coa suba do IVE e outros impostos indirectos (como os impostos *especiais*), que encareceron notablemente a súa compra de bens e servizos. Chove sobre mollado.

Salario mínimo interprofesional. España. 2006-2012

■ Cadro 1.23

	SMI(*)	% variación anual
2006	540,9	5,40
2007	570,6	5,49
2008	600	5,15
2009	624	4,00
2010	633,3	1,49
2011	641,4	1,28
2012	641,4	0

(*) en euros.

Fonte:Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Boletín de Estadísticas Laborales.

Os datos a nivel estatal proporcionados polo INE certifican que as rendas salariais deixaron de levar en 2012 a parte maioritaria da “tarta dos ingresos”: un 46% foron rendas empresariais, un 44% rendas salariais; o resto pertence a impostos.

A diminución dos salarios vista neste epígrafe é un dos factores que está incidindo na caída da demanda interna galega (e tamén na española), que mantén á economía de ambos territorios na UVI da recesión.